

RESOLUCIÓN REITORAL DO 02/04/2012, DE MODIFICACIÓN DO RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS AO ABEIRO DO ARTIGO 12.8 DO REAL DECRETO 1393/2007, DO 29 DE OUTUBRO PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIAS

O Real Decreto 1393/2007, no seu artigo 12.8, establece que “De acordo con artigo 46.2.i.) da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro de universidades, os estudantes poderán obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación até un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursados”. A Universidade de Santiago de Compostela aprobou unha regulación mediante Acordo do Consello de Goberno do 4 de xullo de 2008 que foi modificado por outro 22 de decembro de 2011 e con data do 1 de febreiro de 2012 aprobouse un texto refundido.

Na citada regulación establécese que o recoñecemento das novas actividades só será efectivo unha vez se aproben mediante Resolución Reitoral.

A experiencia adquirida neste recoñecemento nas áreas deportiva, cultural e solidarias e de cooperación fan necesario un cambio nas actividades e nos créditos que deben ser recoñecidos, polo que procede modificar as actividades recoñecidas nestes dous ámbitos, modificando así o anexo da Resolución Reitoral do 1 de febreiro de 2012 pola que se aprobaba o recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do RD 1393/2007.

Por todo o anterior, esta Reitoría resolve:

- 1.- Modificar o Anexo I da *Resolución Reitoral do 1 de febreiro de 2012 pola que se aprobaba o texto refundido sobre Recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro; a acreditación do coñecemento de lingua estranxeira para a obtención do título de grao na USC, e o recoñecemento de créditos de idiomas como créditos transversais nos ámbitos deportivos e culturais.*
- 2.- Aprobar un novo anexo I que substitúe o anterior nas materias deportiva e cultural e de actividades solidarias e de cooperación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.-

Os referidos cambios terán efectividade dende a data do rexistro de saída da presente Resolución. Os solicitados con anterioridade se lles aplicará a normativa anterior.

Santiago de Compostela, 02/04/2012

O REITOR



Juan J. Casares Long

ANEXO I

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Os estudantes da USC poderán obter créditos a través dos programas que se detallan a continuación:

1.- ESCOLAS DEPORTIVAS DA USC

Aos alumnos e alumnas que participen nas escolas deportivas da USC e asistan durante todo o ano a clases dirixidas por persoal cualificado que teñan unha programación e seguimento e reciban un proceso formativo cunha programación estruturada e que pode ser avaliable, se lles outorgará 1 crédito ECTS por curso ata un máximo de 4.

O Servizo de Deportes da USC determinará anualmente, polas características particulares das escolas, cales destas serán consideradas para o recoñecemento de créditos e remitirase con tempo para a súa aprobación por Resolución Reitoral. O recoñecemento deberá figurar na convocatoria da actividade.

2.- DINAMIZADORES/AS DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS EN ESCOLAS E FACULTADES, COLEXIOS MAIORES E RESIDENCIAS

As alumnas e alumnos de Escolas e Facultades, Colexios Maiores e Residencias da USC que desenvolvan labores de difusión e dinamización sobre os distintos programas e accións físico-deportivas promovidas dende a Vicerreitoría con competencias en materia de deportiva e coordinadas polo Servizo de Deportes, e sempre que realicen unha memoria final das actividades desenvolvidas, se lles outorgará 3 créditos ECTS anuais.

3.- DEPORTISTAS DE RENDEMENTO DA USC

As e os deportistas de rendemento da USC polo proceso de formación, avaliación e representación nas competicións que se indican obterán os seguintes créditos ata un máximo de 6 créditos ECTS:

- Xogos Olímpicos e Campionatos do Mundo Universitarios ou federados: 3 créditos ECTS. A selección correspóndelle ao Comité Olímpico Español, no primeiro caso e ao Consejo Superior de Deportes no segundo.
- Campionatos de Europa federados: 3 créditos ECTS. A selección correspóndelle á Federación Española do deporte correspondente.

- Campionatos de España Universitarios en representación da USC e federados en representación do Club deportivo da USC, 2 créditos ECTS. A selección correspóndelle á USC.
- Outras competicións que por interese da USC foran propostas puntualmente polo Servizo de Deportes: 1 crédito ECTS.

4.- DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

As e os deportistas de alto nivel recoñecidos segundo figura no Acordo do Consello de Goberno de 5 de maio de 2011 se lle concederán 3 créditos ECTS por curso, ata un máximo de 6 ECTS, sempre no ano correspondente manteñan o estatus como deportistas de alto nivel.

Os interesados solicitarán o recoñecemento por actividades deportivas no Servizo de Deportes da USC, quen levará un control dos créditos propostos. A Vicerreitoría con competencias en materia de deportes acreditará a actividade realizada e os créditos concedidos mediante a credencial correspondente. En ningún caso se acreditarán máis de 6 ECTS por este tipo de actividades.

ACTIVIDADES CULTURAIS

Os estudantes da USC poderán obter créditos ECTS a través dos programas que se detallan a continuación:

1.- COMPAÑÍAS DA AULA DE TEATRO

Aos alumnos e alumnas que integren as Compañías da Aula Teatro da USC e dediquen como mínimo 150 horas cada curso académico a esta actividade se lles outorgarán 6 créditos pola participación de forma regular durante o curso académico.

2.- CORO UNIVERSITARIO E ESPAZO DE CÁMARA

Aos alumnos e alumnas que integren o Coro Universitario e dediquen como mínimo 100 horas cada curso académico se lles concederán 4 créditos pola participación de forma regular durante o curso académico.

3.- ESPAZO DE DANZA

Aos alumnos e alumnas que integran o Espazo de Danza e dediquen como mínimo 50 horas cada curso académico a esta actividade se lles concederán 2 créditos pola participación de forma regular durante o curso académico.

4.- CURSOS DE TEATRO, DANZA E FOTOGRAFÍA

Ao alumnado que realice Programas formativos relacionados coa arte dramática, coa danza e coa fotografía de distintas duracións e contidos se lles concederá un 1 crédito por cada 25 horas de duración.

5.- CURSOS DE VERÁN

Ao alumnado que realice estes Cursos organizados pola USC se lle concederán 2 créditos por cada curso de 25 ou máis horas lectivas e 1 crédito polas actividades de menos de 25 horas. O Vicerreitorado competente en materia de Cultura, previo análise da documentación procederá á expedición da correspondente acreditación.

Ao alumnado que realice Cursos de Verán en outras Universidades do Sistema Universitario de Galicia ou de Universidades Públicas ou da UIMP que impartan este tipo de actividades, se lle concederán 2 créditos por cada curso de 25 ou

máis horas lectivas, previa presentación da documentación que acredite a duración do Curso e o seu contido lectivo,. Os interesados deberán aportar acreditación fehaciente perante a Unidade de Xestión Académica para a súa imputación.

6.- AGRUPACIÓNS DE ESTUDANTES QUE DESENVOLVEN ACTIVIDADES MUSICAIS, ESCÉNICAS E OUTRAS DE CARÁCTER CULTURAL

Ao estudantado con participación en colectivos e agrupacións de estudantes que desenvolvan actividades musicais, escénicas e outras de carácter cultural que, segundo o criterio da Vicerreitoría, realicen unha actividade regular e continuada durante o curso académico se lle concederá ata un máximo de 2 créditos.

7.- DINAMIZADORES/AS DE ACTIVIDADES SOCIO-CULTURAIAS EN ESCOLAS E FACULTADES, COLEXIOS MAIORES E RESIDENCIAS

O alumnado de Escolas, Facultades, Colexios Maiores e Residencias da USC que desenvolvan labores de dinamización das actividades socio-culturais promovidas desde a Vicerreitoría con competencias en materia de Cultura coordinadas cos citados centros e sempre que realicen unha memoria final das actividades desenvolvidas se lles outorgará 3 créditos ECTS anuais.

Os interesados/as solicitarán o recoñecemento perante a Vicerreitoría con competencias en materia de Cultura indicando a actividade e o período. Acreditada a participación efectiva, procederase á expedición da credencial correspondente asinada polo Vicerreitor.

ACTIVIDADES SOLIDARIAS E DE COOPERACIÓN

A.- Se reconecerán actividades de participación social da USC as actividades realizadas, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

1.- Persoal voluntario

- Participar con aproveitamento no Curso de Formación Básica en Voluntariado ou o Curso *on line* de Formación Básica en Voluntariado que se desenvolverá segundo os contados dos xa aprobados por Resolución Reitoral, e cos códigos de actividade 2008/183 e 2009/154, nas datas e lugares que se anuncien cada ano académico. Este curso de carácter obrigatorio realizarase sempre con carácter previo á participación en calquera tipo de proxecto, con independencia do ámbito de intervención (inclusión social, saúde apoio á diversidade, sostibilidade, natureza e medio ambiente, cooperación internacional, ou calquera outro de natureza e medio ambiente, cooperación internacional, ou calquera outro de natureza análoga).
- Formar parte do Rexistro de Persoal Voluntario da USC, dependente da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua.

2.- Participación en proxectos

- Participar nos proxectos de carácter social e cooperación ao desenvolvemento coordinados polo Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) dependente da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua.
- Participar nalgún dos proxectos das entidades de iniciativa social coas que a USC ten asinado convenio de colaboración para desenvolver programas de voluntariado, ou con calquera outra legalmente constituída que así o solicite. Quen teña colaborado en proxectos desta natureza coordinador pola súa Universidade de procedencia deberá realizar en calquera das modalidades, os cursos xa sinalados con anterioridade. Poderán ser dispensadas de realizar a formación aquelas persoas que acrediten ter superado o curso de formación básica noutra universidade, sempre e cano exista reciprocidade no reconecemento da formación para o alumnado da USC.

3.- Campus Virtual

- Participar con aproveitamento nas Actividades de Participación Social da USC s través das ferramentas habilitadas no campus virtual, facilitando a xestión e a avaliación das actividades propostas. As tarefas de carácter obrigatorio (traballos, cuestionarios, foros) etc. serán marcadas polo Servizo de Participación e Integración Universitaria.

O tempo mínimo de colaboración para o recoñecemento será de 25 horas e o recoñecemento farase a raíz dun crédito por cada 25 horas ate un máximo de tres por ano académico. Soamente se poderán imputar un máximo de seis créditos polas colaboracións neste tipo de actividades.

B.- No caso do programa de Bolsas de Sostibilidade, Participación e integración Universitaria”:

- a) Se recoñecerán 3 créditos o ter disfrutado dunha das bolsas sempre que o informe da unidade que coordinou as bolsas durante o curso académico en cuestión (xeralmente Ofician de Desenvolvemento Sostible da USC) sexa positivo, mostrando así que se cumpriron a lo menos un 70% das tarefas asociadas á bolsa. Soamente se emitirá o recoñecemento si se disfrutou da bolsa durante a totalidade da convocatoria do curso do que se trate.
- b) Non se outorgará recoñecemento algún se o estudante foi cesado da bolsa por incumprimento das súas funcións como bolseiro/a.
- c) Se recoñecerán, un total de 3 créditos por curso académico ata que se achegue ao máximo de 6 créditos.

C.- No caso do programa Tutores: recoñeceranse 6 créditos a aqueles alumnos que realicen integramente este programa nos doui últimos cursos do grao, sen que sexa posible a valoración dunha soa das partes do programa

Para ter constancia do cumprimento, farase un seguimento da labor desenvolvida e os alumnos deberán facer un informe ao finalizar cada curso.

D.- Actividades de sensibilización e formación

Se recoñecerá con 1 crédito por cada 25 horas a participación en actividades de sensibilización e formación, realizadas con aproveitamento, vinculadas aos ámbitos da sensibilización e cooperación organizadas polo Vicerreitorado con competencias en materia de Estudantes, a través do Servizo de Participación e Integración Universitaria.

Poderán recoñecerse un total de tres créditos por curso académico e até un máximo de seis en cada Grao.

Este recoñecemento establecerase en función da participación do estudiantado nos itinerarios de sensibilización e formación establecidos pola Vicerreitoría con competencias en Estudantes.

Independentemente dos contidos, aínda que sempre relacionados coa participación social, o voluntariado e a cooperación, a estrutura do itinerario formativo poderá incluír a combinación de todas ou de varios dos seguintes modelos de actividades ata chegar a realizar un mínimo de 25 horas nestas actividades:

- a) **Xornada de sensibilización:** Dunha hora e media ou dúas horas de duración e a cargo dun especialista en temas relacionados coa solidariedade, a cooperación estudiantil e a educación para o desenvolvemento (EPD).

- b) **Mesa redonda/panel de experiencias:** cunha duración máxima de tres horas tratará de analizar distintas propostas desenvolvidas en proxectos de interese vinculados a actividades universitarias solidarias, de participación e EPD.

- c) **Vídeo Forum:** proxección dunha película ou documental vinculado á temática do itinerario, seguido dun debate e análise. A duración estimada sería de dúas hora se media/tres horas.

- d) **Talleres:** Sesiós introductorias cunha duración mínima de cinco horas que teñan os seguintes obxectivos:
 1. Divulgar os conceptos básicos do tema principal , a súa fundamentación e o seu valor.
 2. Intercambiar e identificar actitudes positivas entre as experiencias propostas aos participantes.
 3. Estimular as actuacións positivas no ámbito traballado.

- e) **Seminarios:** Sesiós de dez horas de duración como mínimo (Talleres sobre voluntariado e idade, voluntariado e inclusión social, medio ambiente e participación social, educación para o desenvolvemento... .) cos seguintes obxectivos:
 1. Divulgar os conceptos básicos do tema principal, a súa fundamentación e o seu valor.
 2. Intercambiar e identificar actitudes positivas entre as experiencias propostas aos participantes.

3. Estimular as actuacións positivas no ámbito traballado.

- f) **Cursos:** Duración dun máximo de 25 horas. O obxecto é descubrir aos participantes as ferramentas do tema fundamental do curso para ver o seu potencial e reflexionar sobre unha posible aplicación en programas e proxectos sociais. Os obxectivos serían, polo tanto:
- Introducir aos participantes nos aspectos básicos dos contidos do curso como ferramenta educativa e social.
 - Identificar prácticas educativas valiosas que xa existan e que son experiencias similares, próximas, o ben embrionarias, dentro da temática propia do curso.
 - Enfocar as distintas dimensións do curso: como metodoloxía de inclusión social e como metodoloxía de promoción da participación social, o voluntariado, a cooperación e a EPD.
 - Debater establecer criterios para desenvolver propostas vinculadas aos contidos fundamentais do curso.

O Vicerreitorado con competencias en Estudantes fará o seguimento a través do Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) das actividades realizadas e emitirá a certificación para o recoñecemento cando se supere o mínimo establecido.

Non procederá o recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do Real decreto 1393/2007 ata alcanzar o mínimo de 25 horas de actividades formativas sinaladas anteriormente e sempre que foran convocadas polo Vicerreitorado con competencia en Estudantes.